

SANTA MARIA DE CELA

1.997



Festa dos MOZOS

dias 23 e 24 de Agosto


Limiar

*Cando te atopas co « pasado »
certamente estás interesado
por saber como é,
que representa,
pero a túa verdadeira ledicia
non é só coñecer
senón estar alí, diante del
« nota-la súa presenza » .*

*Canto maior sexa a comunión
a identificación túa con ese pasado
máis inútil se fará
a túa preocupación polo mañá*

Látima que os seus queixumes non sexan escoitados polo « presente ». ¡Miseros de nós que tan cegos estamos que non queremos velo! No medio de tanta televisión, de tanto foguete espacial, levados pola corda do « progreso », en suma, embebidos na marcha do tempo que non perdoa, o « pasado » váisenos, pero non o pasado como tempo irrecuperable senón como raíz, como esencia, coma os primeiros pasos dun andar de neno que logo xamais acordan, un falso andar que nos impide ver para atrás, se cadra polo medo á vergoña que sentimos ó sabelo que fomos. Só cando se tropeza, só cando verdadeiramente nos imos apartando cara á cuneta e quedamos con nós mesmos mentras os demais proseguen o seu camiñar, só entón decatámonos do dito recollido na sabiduría popular que di: « A saúde non se sabe canto vale ata que se perde ».

Pero nós non queremos enfermarnos, non queremos que a corrente do tempo chegue a vararnos na indiferencia, por iso, non podemos esperar deitados a que nos traian o remedio de fóra, simplemente porque non o hai, senón que en nós mesmos, no noso medio, cadaquén debe atopalo seu compromiso. ¿Cal debe ser ese compromiso? Contribuír á búsqueda do que parece irrecuperable e inexistente nos nosos días, pero que agarda aí ata que se lle devolva o valor e mailo interese que lle están sendo negados. Só así poderemos afirmalos nosos costumes, hoxe amenazados de morte e con eles tamén todo



RESTAURANTE RIMIÑOTO

Lapamán, 53 Telf 70 33 96 MARIN

PANADERÍA O'ROMANO

R.S.I. 20.12451/PO
Valado, 1 - Tif. 32 01 53
BUEU

Benito Estevéz e Hijos, S. L.

MADERAS

Teléfono 32 01 28

CASTRELO - CELA - BUEU (Pontevedra)



LAIBE

Agencia Oficial de la Propiedad Inmobiliaria

Montero Ríos, 83 Telf/Fax 32 04 48
36930 BUEU (Pontevedra)

vínculo cos nosos antergos. É, pois, unha tarefa de desmpolvamento e afianzamento do noso, por nós mesmos, antes de que sexa demasiado tarde. Se non queremos que isto pase debemos contribuír co noso apoi non tanto material como espiritual, porque en definitiva trátase do que é «por nós e para nós». Así e todo as limitacións son moitas, escasos os recursos e contados os precursores, mais non por isto deixaremos que o muíño moa en van.

A parroquia de Santa María de Cela

Para todos aqueles que tivestes a ben falar connosco sexa para vós o noso meirande recoñecemento, e en xeral a toda a parroquia a quen dedicámo-lo noso traballo, sendo en van éste, sen o seu respaldo.

Verán do 1988

Os muíños de fariña hidráulicos en Santa María de Cela

A súa arquitectura : tipos

Segundo o xeito de aproveita-la forza da auga, en Cela temos muíños de roda motriz horizontal ou reducio e muíños de roda motriz vertical ou brúa, que son as aceas e que no noso caso coinciden coas maquías onde o propietario é un individuo ou familia adicada a moer para fóra en contraposición cos muíños de herdeiros ou comunitarios entendéndose como tal os privativos dunha determinada veciñanza que nun principio o prorrateo de horas e días eran coincidentes coas familias do lugar no que se encravaban as edificacións e que logo por motivos facilmente comprensibles de herdanza favoreceu a dispersión dos ciopropietarios, un modo de multipropiedade no uso diríamos hoxe.

Por outra banda, de acordo coa súa localización nos beirais dos ríos e o caudal máis ou menos copioso deste, motiva que para trasladar a auga ata o muíño e desenvolve-la forza necesaria para move-lo reducio, teñamos dous sistemas de aproveitamento que afectan á súa

arquitectura:

os de canle ou directos onde a auga accede directamente á bodega por un canal de pedra máis estreito e profundo canto máis se achega ás penas do reducio precipitándose con forza coa debida caída que pón en movemento o muíño. Este sistema acostuma a instalarse en ríos aceptables de caudal ou nos tramos medios baixos dos regatos que son cando levan máis auga.

Logo están os de cubo, aqueles que para mover precisan dun almacenamento previo da auga que co peso da mesma e unha saída abocada dun chorro pequeno en cantidade, pero potente en forza logre suplir-la carencia de caudal regular do regato. A auga almacénase nun cubo ou funil grande de pedra adosado á parede traseira do muíño, xeralmente a base de grandes perpiaños ou sillares debidamente asentados e selados para garda-la auga. A súa capacidade e forma vai en función do potencial do muíño. En Cella seguen un patrón común disimulados no entorno e non precisan de moito acopio. Xustificanse nos tramos iniciais dos ríos ou en bifurcación importantes de tomas de auga de regadío para longas distancias. A auga chega a ta este cubos de xeito semellante que os anteriores pola desviación mediante presa da auga necesaria e case sempre salvo pendientes do terreo non precisan de canal de pedra na súa conducción, senón que son terreas.

Nas aceas ou muíños de noria, podermos dicir que se suxeitan ó sistema de canle cunha diferenza lóxica: ó tratarse dun reducio vertical acoplado á parede de pé do muíño, a canle precisa dunha maior altura, pero o sistema é semellante por chorro directo ás penas da bruiá. Os dous casos existentes na nosa parroquia, a maquia dos Fazáns e a maquia dos Freire, a diferenza estaba en que na primeira o eixo conductor da forza motriz á mo era directo como no caso dos de reducio fronte á dos Freire onde aínda hoxe se pode observa-la enxeñería aplicada por canto da noria non ía o eixo directamente á mó, senón que pasaba por unhas engranaxes intermedias que multiplicaban a forza do muíño traducíndose nun movemento acompasado e lento da noria e unha forza e velocidade acusadas na mó que aumentaba o rendemento e capacidade de moer en menos tempo e máis cantidade, apta por tanto para unha maquia que tiña por fin o cobro de honorarios por moenda. Unicamente as expectativas víronse truncadas coa chegada da electricidade e como di o dito se teño auga,



AGRICOLA ENTENZA

Distribuidor COREN

Piensos, Cereales, Productos agrícolas

SERVICIO A DOMICILIO

c/ Pena, 1 CELA - BUEU (Pontevedra)
Telf 32 26 75

bar



aturuxo
en Bueu



AGENTES DE
LA ALIANZA ESPAÑOLA S.A.

PASARÍN
SEGUROS Y
PRESTACIONES
FUNEBRES

Xoan Carballeira, 10
Telf: 32 09 98 / 32 03 71
Fax: 32 09 98 BUEU

CALDAS

**Saneamientos*

**Materiales de construcción*

**Transportes*

Avda. Pazos Fontenla, 72
Telf/Fax 32 07 50 - Telf 32 06 22
36930 Bueu

bebo viño e se non teño auga, bebo auga.

A súa nomenclatura: partes e pezas

*Unha noite no muíño
unha noite non é nada;
unha semaniña enteira,
iso si que é muíñada*

*Fun esta noie ó muíño
non moín nin muíñei;
perdín a trenza do pelo
iso foi o que ganeí*

Como quedou xa dito polo sistema de canalización da auga temos primeiramente a presa, que é o rego ou conducción da auga pola terra dende o río principal onde se tapa ata a canle ou cubo que a introduce no muíño. Atopamos tamén presas de pedra debido á pendente do terreo para evitar o esvarreamento. A diferenza dunha canle de pedra dunha presa de pedra está na comisura e ancho interior das mesmas.

Auga pasada non move muíño

A canle, é o canal de pedra de pendente acusada que nos muíños que reciben o seu nome comunica a auga da presa ata as penas do reducio na bodega. O regueiriño interno que leva a auga vai cambiando de ancho, sendo amplo no comenzo e estreito na saída para acusalo chorro.

Xenericamente, chámase canle a todo canal que nos outros tipos de muíños achegan a auga ben ó cubo, ben á noria.

Auga de muitos muíños é mala de arrecadar

O cubo, é un poliedro de pedra adosado á parede traseira do muíño que ten como misión almacena-la auga previamente nos ríos ou zonas de pouco caudal regular para precipita-la logo pola sateira, especie de biqueiro de pau é a encargada de sinal-la auga directamente ás penas do reducio. Este conxunto de táboas de madeira regulábanse de tal xeito que se abrían e pechaban segundo a cantidade que se desexara deixar saír. Esta operación efectuábase manualmente nos muíños de cubo dende o tremiñado se se quería.

Muíño parado, non gana maquía

Xa no interior do muíño e en relación cos aparellos para o gran, todos eles de madeira, temos a trabe, ou viga principal que sutenta o tellado do muíño, os paus da muela, dous listóns paralelos sostidos por un terceiro pendurado do teito nun dos extremos e no outor directamente nunha das paredes do tronzo que sosteñen a modo de corredor regulable a muela ou queixón de madeira con forma de tronco piramidal ou de funil onde se bota o millo, trigo ou centeo que se quere moer. Logo vén a quenlla, unha canliña de pau escabada con forma de medio tubo que conduce o millo ou equivalente dende a muela ó ollo do muíño. Pendura da muela cravada por detrás e do biqueiro dela axudado pola quenlla pendura o cacarexo ou palitroque que finca na mó e avnea a quenlla cando ésta pónse en movemento provocando a caída do gran.

*Esta noite no muíño
ha de haber o que ha de haber;
ha de haber paus a moreas
sobre quen ha de moer*

*Moendo, moe que moe
moendo na muiñada
moendo moe que moe
moendo non muín nada*

Pasando ó sistema de trituración témo-lo pé, cilindro de pedra posto no centro do tremiñado que serve de base fixa para moe-lo gran, encima do que está a mó, complemento do anterior, pois trátase dunha roda de pedra de forma cóncava-convexa, dependendo de onde se vexa que ten a función de moe-lo gran contra ó pé mediante a fricción ou rozamento. Estas poderían ser de distinto tipo de pedra: así están as pedras negras ou do país, as máis extendidas entre nós destinadas a moe-lo millo; pero tamén están as albeiras ou brancas destinadas a moe-lo trigo maillo centeo, sendo pedras máis brandas e memos agresivas. A existencia delas provoca 1que os nomes reciban o nome de muíños albeiros. A mó na súa parte exterior central ten un burato chamado ollo do muíño, por onde se introduce o gran procedente da quenlla. Este ollo pode ser resaltado se presenta o borde remarcado na pedra a modo de beizo que axuda a impedir que o gran salte fóra como consecuencia das vibracións efectuadas polo cacarexo. Pola parte interior presenta un escabe ou dosu, dependendo onde se agarra á

Padin

JOYEROS

FESTINA
SAINT-HONORE
PARIS


SEIKO
CITICEN

Pazos Fontenla, 23 Tel 32 07 57
BUEU (Pontevedra)

Mercarroupa

Montero Ríos, 4
CANGAS

Eduardo Vicenti, 1 y 15
BUEU



Banesto

Banco Español de Crédito
Pazos Fontenla, 32
36930 Bueu (Pontevedra)
Telf 32 19 86 - 32 00 88

Congelados

IBERMAR

A GRANEL

CARNICERIA - CHARCUTERIA - LACTEOS - FRUTERIA

Gracias por su compra

Avda. Montero Ríos, 45 - Telf 32 34 78 - Bueu

sigurella que vén da adegá. Entre a mó e mailo pé axustábase una peza de madeira chamada buxa, por estar feita deste pau, de forma circular aburacada no seu centro para deixar pasa-la sigurella tendo unha dobre función: por un lado centra-lo eixo da bodega e por outro impedir que por este orificio caia o gran ó río. A madeirá de buxo permitía resisti-la temperatura que alcanzaba a fricción provocada, sen arder nin consumirse. Coa escaseza deste pau, botouse man da figueira por ser bastante resistente á calor anque o nome quedoulle para sempre.

*O muíño anda, anda
bota a fariña en roda;
aquela costureiriña
ten un andar que namora*

*Meu meniño, durme, durme
que teño que ir ó muíño
teño que ir pola fariña
para face-lo panciño*

Os dous niveis que definen o muíño ou partes son: o tremiñado, espacio limitado do piso do muíño onde cae a fariña, habendo quen por extensión chámalle a todo o piso, pero na súa acepción estricita está delimitado polo tabique separador de pedra que ten por misión impedir que a fariña saia exparexida escesivamente polo piso e sexa levada nos pés. Delimita a zona de moer propiamente dita dos espacios de estancia e convivencia no muíño e mesmo serve de improvisado catre arimándolle un armazón de paus para tal efecto. Logo está a bodega que vén sendo a cavidade baixo o piso, totalmente aberta que acolle o sistema mecánico de propulsión hidráulico, e nela atópase o reducio, ou roda inicialmente de pau dentada en forma de pequenas palas que abrazan como culleres a auga procedente da canle ou sateira dependente dos casos coñecidas como penas do reducio, e que posibilitan o movemento horizontal da roda ó bater nelas o chorro propulsor da auga.

Nin muíño sen reducio, nin home sen oficio

O reducio e todo o conxunto que forma o eixo vai centrado e basculante enriba dun listón de madeira chamado arrieiro e el asentado no chan da bodega. Isto conséguese gracias á existencia de dúas pezas apenas visibles dende o exterior chamados grilos, especie de aguillóns de ferro incrustado no arrieiro e no remate da vara do reducio que é o que permiten suspender centradamente todo o sistema mecánico. Antigamente eran simples croios do propio río adaptados a esta

función. O grilo incrustado no arrieiro chamábaselle tamén obradoiro.

O eixo ou sistema de transmisión da forza consta das seguintes partes: a vara do reducio, ou pau tronco cónico que incrusta no reducio con caras hexagonais e xúnguese ó arrieiro polos grilos como xa quedou dito, comunicando éste co lobete, pau circular que forma a parte central do eixo e que da ó testigo á sigurella, peza de ferro que atravesando o pé do muíño por un orificio chamado sésigas, maila buxa incrusta nos escabes da mó suspendéndoa para que poida dar voltas. O amarrado das tres pezas, lobete coa vara do reducio maila sigurella efectúase mediante argolas ou sunchos, aros de ferro a medida que apretan centradamente e encaixadamente as xuntas. Estes sunchos faciáanse no ferreiro soldadas « a caldea», procedemento este de poñelos a altas temperaturas para a súa unión co posterior enfriamente ,sen necesidade de remaches.

*Non quero ser muniñeiro
nin varrer no tremiñado
porque din que no outro mundo
piden contas do roubado*

*A porta de aquel muíño
púxenme a considerar
as voltas que dá o reducio
e aínda as que ten que dar*

Todo o sistema mecánico descrito complementábase co seu control dende o tremiñado mediante a cruceta, ou pau que sobe directamente dende o lateral do arrieiro co que conxiona ó tremiñado. É a quí onde se controla o bvaixar e subi-lo reducio que é á súa vez subir e baixa-la mó, mediante cuñas que aportan a altura necesaria. A cruceta recibe este nome pola figura de cruz que representa no tremiñado co cruce transversal do pau no que apoian as cuñas. Dado o peso de que se trata para levantar ou baixa-la cruceta mediante cuñas apaláncase cuon outro pau ó efecto chamado calcadoiro, especie de tranquiña para apalancar. O mesmo pau servía ás veces para calcar na muela do millo e desatraganta-la saída.

*O muíño do meu pai/xogro
eu ben lle sei o tèmpero:
cando está alto, baixalo
cando está baixo, erguelo*

*O muíño do teu pai
non é muíño que é convento
Os casados para fóra
e os solteiros para dentro*

Son aparellos secundarios da estrutura, o pousadoiro, ou pedra

MOTO



SPORT

Servicio oficial
PEUGEOT
RIEJU
SUZUKI
DERBI

MOTOS Y BICICLETAS
SERVICIO DE REMOLQUE

c/ Ramón Bares, 40 Telf 32 27 14 BUEU


JOSE ANTONIO GARCIA GRAÑA

AGENTE DE SEGUROS

Pousada, 1 - Telf 32 22 16
CELA - BUEU

Café - Bar

EMILY



Jaime Janer, 54 Telf 89 10 02
36900 MARIN (Pontevedra)



Disca - Pub

Malibú



situada xeralmente á porta do muíño para axudar á cabeza os sacos de millo e fariña. En Cela contamos con pousadoiros en case todos, inclusive con pousadoiros interiores, caso do Xan Freire, pousadoiro dobre no caso do Inferno e sen ningún, caso dos Padróns e o da Ponte. Logo está o banco ou burro, cabaleta de pau de catro patas para soste-la mó do muíño cando se baixa para picala. Púñase enriba del tumbada contra o pé. De non telo había que entre varios homes efectua-la operación.

A pá, opcional nos muíños de canle, trátase dunha pala de madeira que contaba cun rabo longo pasra dende o interior do muíño bota-la auga dentro ou fóra segundo conviñera. De aí a expresión «Botalo á pá»(paralo) ou «estar á pá « (estar parado). Hai distintos xeitos de facelo, pero todos coinciden na finalidade: para-lo muíño sen ter necesidade de bota-la auga fóra no río, simplemente coa desviación do curso natural que impida que chegue á bodega, caso do Portocarreiro, Salgueiro ou o Coto. Logo hai caso s de pás sen mango que obriga a saír ó exterior á interposición dunha táboa na canle, caso do Tombo e outros.

*O crego foi ó muíño
e caeu da ponte embaixo
acudide ó crego, mozos,
que vai polo río abaixo*

*O cura maila criada
ordenaron cosere
tiñan o fermento feito
e a fariña sen moere*

A idiosincrasia dos muíños

A figura entre nós máis extendida é a dos muíños de lindeiros. Estes eran os seus custodios. Tiñan que facerse cargo mancomunadamente dos arreglos, dos amaños e das picaduras. Houbo tempos nos que tiveron que pagar contribución ó Concello. O dereito a moer estaba regulado por un prorrato previo de horas e días. Normalmente, no inverno muíase polo día e no verán mauiormente pola noite ou cando as tandas das augas o permitían. Pretendíase moer para oito ou quince días de pan. Unha muiñada levaba ben medio día que dependendo da posta a punto podía moer ata un ferrado de pan ó día.

Os picadores pasaban de mes en mes e ultimamente ata non había moito quen viñera, polo que moitos lindeiros tiveron que amañarse para manter operativos moitos deles. Xeralmente entre nós había o

costume de deixar de fóra os sábados sen dono, á disposición da xente sen muíño, faltosos e mesmos para actividades de mantemento coma os picadores. Éstes traían un cotás (martillo-pico) un pico de dous lados e un ferro, por un lado cabeza e no outro cuña para levanta-la mó. Traían axudante, un rapaz para que lle axudaran nos labores de baixado.

En canto ós tipos de fariña unha vez cargada a muela e botado a andar, o gordor da fariña regulábase na cruceta e na caída da quenlla: levantando a mó a fariña sía máis viva e baixándoa máis muda; tiñamos varios tipos de calidades: o óleo, aquela fariña que cae arrente ó pé, moi fina e que servía de papas para os nenos recién nacidos. Logo estaba a fariña, propiamente dita, máis lonxe do pé viña o farelo, fariña xa brava con carepas do gran de millo e por último o picón, que son grans machacados e non mudos.

Cando o millo era novo, o muíño podía embolar, é dicir atragantarse, provocando que en vez de fariña parase cunha pasta provocada polo verde do millo. Como consecuencia dicíase que o muíño moía para o ollo, xa que trataba de bota-la fariña por onde tiña que traga-lo millo; había que desmoelo pasando a vasoira polo ollo e sacándolle os últimos grans, levantando a cruceta e mesmo pica-lo ó redor do ollo, buscándolle a moente, é dicir a caída.

*Esta noite fun ó muíño
e alumeáronme cun candil
e cheiroume a cebola frita
con aceite, xamón e pernil*

*As que ó muíño van
se son bonitas,
logo as moerán*

Cómpre ter coidado cando se deixa o muíño a moer só, non despistarse e que moa en van, é dicir, sen millo, xa que a mó roza directamente no pé e desgástase moito máis.

Son tarefas de coordinación no proceso de botar o muíño a andar o carga-la muela de millo, botar auga dentro, baixa-lo cacarexo, regula-la quenlla para que vaia botando a cantidade axeitada, se bota moito, fariña máis viva ou memo embola, gradua-la cruceta: se a mó está moi levantada os grans saen memos desfeitos, se está baixiña sae a fariña máis muda e fina. O rematar hai que desmoe-lo muíño coa vasoira para que quede totalmente limpo, bota-lo á pá e varre-la fariña e bota-la nun saco, axudarse do pousadoiro.

AGRICOLA ARTURO

**POLLOS - PIENSOS
SEMILLAS - ABONOS
ARBOLES - SULFATOS**

SERVICIO A DOMICILIO

Ramal dos Galos, 15 Telf 32 35 33
BUEU

Cafetería - Pub

BLUE LAKE

El lago azul frente a la Casa de la Cultura

¡IMPRESIONANTE!

Lo que nunca imaginaste ahora hecho realidad

Dispone de

SALA DE TELEVISIONES, PARA VER LO QUE APETEZCA
SALA DE MUSICA, PARA ESCUCHAR LO ULTIMO
SALA DE VILLAR, DARDOS, KIMBALL, JUEGOS DE AZAR
SALA PARA HACER FIESTAS, SALA PARA ESTAR CON TU PAREJA

Lo más agradable y acogedor

VEN Y DESCUBRE ESTE "LAGO" SIN SALIR DE BUEU


Especialidad

Chocolates con nata, irlandés, copas heladas, etc

Y LO QUE TE IMAGINAS LO HACEMOS

Chimpalle

O
U
T
R
A



B
u
e
u

Ghasiosa



DISTRIBUIDOR

Agrícola BOUZON

Olivia Durán Freire

Castrelo - Cela, 33 B Telf 23 13 41
36930 BUEU (Pontevedra)

- *¿ Quen che dixo a ti, meu primo, que eu estaba no muíño?*
- *Coñecinte no cantar e espereite no camiño*

Dende sempre, polas noites houbo que durmir nos muíños, especialmente nos tempos da fame para evitar posibles saqueos, pero escepcionalidades aparte, o que si é certo é que ó redor do muíño e entorno a el tiveron parte moitas das relacións sociais e humanas como lugar privilexiado xunto con ríos, fontes, lavadoiros nos que eran centro e punto de encontro nuns tempos moi distintos e de posibilidades ben diferentes, ó que non era allea, coma nos casos dos fiadeiros, a relación entre mozos e mozas e todo un mundo mítico-simbólico implícito.

*Fomos Rosiña mais eu ó muíño
para que a fariña non foran robare
e á media noite por un buraquiño
ós dous o trasno veunos tentare
Rosiña asustada, colléuseme a min
e eu a Rosiña tamén me collín*

*Esta noite fun ó muíño
e alumeáronme cun candil
e cheiroume a cebola frita
con aceite, xamón e pernil
Fun que non fora ó muíño
e non fun para moere;
fun falar coa muiñeira
non me quero coñecere*

*Despois non me acordo
despois xa non sei;
o susto do corpo por fin llo quitei*

Algunhas referencias documentais ós muíños de Santa María de Cela

Os muíños tamén teñen os seu lugar na documentación histórica, por canto de utilidade e sustento significan, polo que atopamos referencias abundantes en toda a documentación do dereito privado, compras e vendas, testamentos, documentos notariais, actas de constancia, pleitos, rexistros públicos, arquivos eclesiásticos de fundacións dos fieis...etc. Velaí algunhas mostras:



Talleres DAVISAN

SERVICIO OFICIAL CITROEN

POUSADA, 15 - CELA 36930 BUEU
Telf 32 31 55

COPIMEU

*Papelería - Copistería - Plastificados
Encuadernación - Copias color
Estampación de camisetas
Publicidad directa*

Eduardo Vicenti, 47. Bajo. Telf 32 25 92. BUEU

Antonio Marino de la Bera, escribano del Rey Nuestro Señor, vecino de la Villa de Cangas... certifico a los señores que vieren el presente en como Juan piñeiro, difunto que haya gloria, labrador y vecino que fue de Santa María de Cela...morador en el lugar de Queimaño y Benita do Souto, su mujer que vive al presente en los nueve días del mes de enero de 1698 y ante mi se hicieron hijación de bienes y herederos, el uno al dicho con ciertas condiciones por no teneren hijos y los dos dejan fundadas tres misas anales, la una cantada el día de la Inmaculada Concepción, 17 de diciembre, otra por la Natividad del Señor San Juan Bautista, el 24 de junio, hipotecadas sus limosnas en la casa, corral, quinteiro, eira y parrá de abajo con los dos molinos de Balteiro y Cabanas, dos ruedas una blanca y otra negra, alindada por el norte con otro de la fábrica de dicha feligresía, levante camino que va al monte de la Perabúa, cuyos bienes dejaron juntos con la cláusula de que no se pueden vender y en dicha hijación también dicen así la veiga de Cabanas y tomada de cerdeirós a una sobrina...

In Dei Nomine, Amen. Sépase como yo, Joseph Cerqueiro, labrador y vecino de esta fra. de Sta. M^a de cela... mando para siempre jamás al dicho D.Domingo Benito Cerqueiro, mi sobrino, presbítero para que sea para él y los suyos todos los frutos sembrados, recogidos y por recoger...hórreo de madera y un día y noche de molienda cada semana que es todo el derecho que tengo y me corresponde en el molino nombrado da Viñiña, sito en dha.fra., con calidad que por todo ello haya de pagar las derechuras del día de mi entierro...
(9/5/1755)

Don Benito Freyre cabodevila, presbítero, vecino de esta fra. de Cela, hijo de domingfo Freyre y Benita Cabodevila... dejo... el día de molino que tengo en el de la Torre, con el pedazo de viña que tengo en dha. aldea de la Torre... y lo mismo le dejo que cuando llegare la ocasión de moler lo necesario para su sustento pueda molerlo sin contradicción alguna en el molino que llaman da Viñiña sin pagar maquila, así que se acabe el que estuviere moliendo; mas los tres días de molino que allí tengo con el soto que está redeor del que llevará tres cuartos de pan. (1761)

Pedro Piñeiro das Castiñáns, limosna sobre del mi molino nuevo, que llaman del mismo nombre en el río Albeyro en esta fra. de Cela,

que lo adquirí del alférez Domingo de Camarada, de Cangas (...)
(1707)

Item dejó Juasn antonio da Costa fundada una misa rezada entre otras y un cuarto de pan escaso en donde llaman la Gándara junto al molino de María da Rúa.

Domingo Freire dijo que él no paga renta alguna a la fábrica... y habiendo revisado dho. foro hallé la partida siguiente: mas otra heredad que llaman do Prado do Río, de sembradura cinco ferrados de pan, la poseen los herederos de Francisco Freire de antepazo... y dentro de dha. heredad se halla un molino tejado maderado, moliente y corriente de una rueda y todo ello se demarca al vendabal y poniente con río de Aldonza, al norte con hacienda de la Dignidad Arzobispal, al levante con bienes de este Domingo anejos al Lugar de Queimaño y fábrica de esta fra.....

(20/6/1753)

Pregunta y respuesta núm. 17 del Catastro del Marqués de la Ensenada (julio de 1752) a si hay molinos harineros, batanes... y lo que produce cada uno de utilidad al año:

« ... En la feligresía de Santa María de Cela, ay cuarenta y ttes molinos, uno de ellos de Piedras Blancas y muele mes y medio; y todos los demás de Piedras Negras muelen diez meses al año con el agua del Río de Foxonobal y Río de Borrás; los que están situados en el río de Foxonobal; sus Dueños y rregulaciones son los siguientes= uno Albero de Piedras Blancas de Cubo y Maquila llamado Ferreyra propio de Pedtro Freyre da Torre rregulan su utilidad anual en doscientos rreales= otro llamado Pardo de Gregorios y Consortes= otro llamado Ferreyra de Francisco de Pastoriza y consortes=otro del mismo nombre de Thomás Freyre y consortes=otro llamado también Ferreyras de Miguel da Costa de la Aldea de Beloso y consortes=otro nombrado también Ferreyras propio de Dionisio Gallego y consortes=otro llamado Porto Carreyro de Juan de Riobó y consortes de la Aldea de Queimaño=otro llamado Revola de Francisco de Castiñáns y consortes Aldea dicha= otro también de Rebola de Joseph de Currás...= llamado Jontello de Benito da Costa y consortes en dicha Aldea de Queimaño=otro llamado Padronis, de Ciprián Martínez y consortes en la misma Aldea= otro llamado Prado Río de manuel Freyre y consortes, en la Aldea da Torre=otro llamado Seara de Pedro Freyre y

TALLERES CAMPELO

INVERNAJE DE EMBARCACIONES
REPARACIONES NAVALES E INDUSTRIALES
MONTAJES MARINOS
MOTORES - BOMBASHIDRAULICAS
Y HALADORES

Avda, de Marín, 8
Telf 32 07 36 BUEU



MUEBLES L'OBAR

EXPOSICION

Avda. de Marín, 37 Telf 32 08 88
36930 BUEU (Pontevedra)

Restaurante
ESTRELLA

1º Premio "I Festa da Vieira"

**ESPECIALIDAD:
ARROZ CON BOGABANTE Y
GUIISO DE RODABALLO "CASA ESTRELLA"**

Xoán Carballeira, 6 Telf 320675
BUEU

FREIJAL

MOBILIARIO DE COCINA

ELECTRODOMÉSTICOS

Pazos Fontenla, 40
Tel 32 00 76 - Bueu

consortes en la Aldea referida= otro llamado Allariz de Francisco de Gondión y consortes en la Aldea da Torre=otro llamado Inferniño de Domingo de Entenza y consortes, en la Aldea da Graña=cuios molinos son todos de Canle rregulan la utilidad anual de cada uno en cinquenta rreales de vellón= otro llamado Balteyro de Cubo y Maquila propio de Jorge Freyre en la aldea da Torre, rregulan su utilidad anual en cien rreales de vellón=otro llamado Moyño Nobo de Benito de Camarada y consortes en dicha Aldea no muele por falta de rreparo y descidia de los Dueños; consideran su utilidad para quando esté corriente en sesenta rreales=otro de Canle y Maquila llamado Moyño Nobo propio de María da Costa y consortes en la Aldea da Gándara; rregulan su utilidad en ochenta rreales al año=otro llamado Carballal de Cubo y Maquila, es de Joseph Freyre y consortes en la Aldea da Gándara;rregulan su utilidad en ochenta rreales= otro también llamado do Carballal de Cubo y Maquila propio de Don Manuel de Aldao, vecino de Pontevedra que trahe en arrendamiento Pedro formoso en sesenta rreales de vellón,rregulan toda su utilidad en ciento y cinquenta=otro llamado Infestas propio de Jorge Freyre en la Aldea de Antepazo de Cubo y Maquila rregulan su utilidad anual en ciento y veinte rreales=otro llamado Cabanas, de Cubo y Maquila que es de Joseph Amoedo en la Aldea do Burgo que trahe al tercio Dionisio Gallego de la Aldea de Beloso rregulan toda su utilidad en ciento y veinte rreales= y todos los mencionados molinos muelen con el Agua del referido Río de Foxonobal=otro de Cubo y maquila llamado Agouso es de Francisco Gonzáles en la Aldea del Iglesiasario=otro llamdo Miranda, de Cubo y maquila propio de Esteban Pérez y consortes en la Aldea de pousada rregulan la utilidad anual de cada uno de estos dos en ciento y veinte rreales=otro llamado Agouzo de Canle y Maquila de Domingo de Pastoriza en la Aldea da Granja,rregulan su utilidad anual en sesenta rreales=otro de Canle y Maquila llamado también Agouzo propio de Francisco deyra,Aldea dicha,rregulan su utilidad en ochenta rreales=otro de Canle y Maquila llamado pousada que es de Santiago Freyre en la Aldea de pousada,rregulan toda su utilidad anual en cien rreales de vellón al año=otro de Canle llamado Escorregadiño de Juan de Entenza de paradela, en la Aldea da pena=otro de Canle llamado Pena de Antonio de Loyra y consortes en dicha Aldea=otro de canle llamado Agouzo de Jacobo Freyre y consortes =otro de Canle del propio nombre de Antonio Loveira y consortes en la Aldea del Iglesiasario= otro también de canle llamado Pazo de Arriva de Julián

Carballo y consortes, Aldea de Murráns=otro de Canle llamado Salgueyro de Juan Gallego y consortes en dicha Aldea=otro de Canle llamado Miranda de Gregorio de Juncal y consortes en la misma Aldea=otro también de Canle llamado Batán de Domingo de Pousada y consortes en la Aldea rreferida de Murráns=otro de Canle llamado Fonte de Pousada de Joseph de Entenza y consortes en la aldea de Pousada= otro de Canle llamado Pazo de Avajo de Marcos de pastoziza y consortes=otro de canle llamdo Pousada de Avajo de Domingo Freyre de Pousada y consortes=otro de Canle llamado Mouro de Arriva de Alberto Martínez y consortes el qual no muele por descidia de los Dueños, y para quando esté rreparado le rregulan de utilidad anual cinquenta rreales de vón.=otro de Canle llamado Mouro del Medio de Domingo Martínez y consortes=otro de Canle llamado Mouro de Avajo de Bernardo Freyre y consortes en la misma Aldea= otro de Canle llamado Tombo da Torre de Domingo Lorenzo y consortes en la Aldea dicha=otro de Canle llamado Torre de Francisco de Antepazo y consortes en la propia Aldea= Los que muelen con el Agua del Río de Borrás, y rregulan la utilidad anual de cada uno en cinquenta rreales.»

O espírito dos muíños

Agora que cada parroquia do noso concello conta cun muíño restaurado e rehabilitado para a recuperación da súa memoria histórica non vos resistades a unha simple visita estática e museística dos mesmos: non son momias anquilosadas no tempo, comunicádevos con eles a través do rebulir da auga polas súas canles e cubos , o son da mó en plena función , o espectáculo da auga expedida polas penas do reducio en movemento e o tacto da fariña muda caíndo polo pé.... será como un voltar ás raíces do que somos, porque en cada unha das súas pedras están a suor, a fame, as preces , a troula e mesmo os versos de amor pronunciados polos nosos antergos á luz dun candil e ó runrún do muíño.

Se amais, deixádesvos engaiolar ata o punto de merecervos un grande respecto non os maltratedes río arriba botándolle paus enriba e mesmo expoliándoos para conquistar pedra ornamentais egoístamente, antes ben poñede a vontade e os medios de recuperalos.

*Santa María de Cela, xullo e vintecinco
de mil novecentos noventa e sete
Limpa, fixa e da esplendor*

Veterinaria BUEU

*Consulta de todo tipo de animales
Venta de mascotas*

SERVICIO DE URXENCIAS

Montero Ríos, 51 (Galerías Orillamar)
Telf 32 41 20

TINTORERIA
LAVANDERIA

HITECH

C/ Montero Ríos, 199 Telf 32 30 62
Banda do Río BUEU



DEPORTES QUIROS

Pazos Fontenla, 81 Telf 32 02 93
Bueu (Pontevedra)

GARAJE

Lorenzo

Lavado a mano
Neumáticos - Equilibrado
Aceites - Filtros
Pastillas de freno - Escapes

Ramón Bares, 2 Telf 909 23 31 75
BUEU

RIO DA DEVESANOVA (1)

Nome do muíño	longo	ancho	alto A	alto B	alto pé	mó	dm. mó
O da Costa	-	-	-	-	-	-	-
De canle. Soterrado							
O das Maia	4.70	3.50					
De canle. Dous pés no exterior. Ruinoso							
Maquia dos Fazáns	6.10	4.70				17 cm	
O da Costa	-	-	-	-	-	-	-
De bruiá ou noria. Ruinosa							
O Novo	4.80	3.55	2.63	2.08	57cm	6 cm	
De cubo.							
O Patrón	4.90	4.25	3.10	2.22	60	13	1.10cm
De cubo. Olo resaltado.							
O Gonzalo/-ez	5.25	2.95	2.63	1.98	-	-	-
De cubo. Sillería. A recuperar							
O das Lobeiras	4.07	2.52	2.70	1.95	40	13	1.10
De cubo. Reformado							
O da Ponte	4.30	3.45	2.88	1.62	36	9	1.02
De cubo. Bo estado. Aparellos de moer intactos inclusive buxa e sateira. A conservar							
O Paso	-	-	-	-	-	-	-
De canle. Daquela emboscado							
O Salgueiro	4	2.50		4 m	50	10	1m
De canle. Pá a distancia. Dúas augas.							
O Corso	4	2.30	2.65	2.10	48	12	1,05
De canle. Irregular. Recentemente expoliado							
Maquia dos Freire	7.45	5.80	tellado dúas augas		48	12	1,03
Noria de pau de 2.82 dm. e 27cm grosor ladrillo recente edificación. Ruinosa							
Cubo Novo	-	-	-	-	-	-	-
Soterrado baixo taller Citroën							
Cubo Vello	3.72	2.90	3.10	1.85	71		1,14
Sillería. 1866. A restaurar							
O da Fonte	-	-	-	-	-	-	-
Recentemente desenterrado. Ruinoso							
O Pequeno	4.30	3.45	3.02	1.80	59	15	1,10
De canle. Recibe a auga do anterior.							
O Pelonia	4.25	2.75	2.60	1.97	61	11	1,14
De canle.							
O Xoanete	4.80	4.25	tellado dúas augas				
De canle. Ruinoso. Dúas augas.							

Nome do muíño	longo	ancho	alto A	alto B	alto pé mó	dm. mó	
O Escribano	3.90	3.05	3.10	1.85	56	4	1.06
De canle. Bo estado. A conservar							
O Mouró	4.04	2.90	2.82		49	4	1.06
De canle. Tellado a dúas augas							
Martuxo ou	5	2.80	2.80	1.60	25	—	90
De canle. Ruinos							
Mouro do liño							
O Tombo	4.25	3	2.35	1.75	48	8	1.03
De canle. En activo. Restaurado Concello.							
Da Devesa	—	—	—	—	—	—	—
De canle. Emboscado.							

(1) Datos de campo recollidos en maio de 1988

RIO DO INFERNO (1)

O Pardo	3.90	2.28	2.55	1.73	64	18	95
De canle. Ollo resaltado. Non pousadoiro. Pá distan							
Río Mao	3.30	2.40	2.30	1.80	41	10	1.10
De canle. Ollo resaltado. Mando a distancia.							
O Esqueiro	3.85	2.41	2.05		60	4	1.03
Canle longa. Dúas augas. Sacteira para pá.							
¿Meixide, Viñaña Ferreira, Rodeira?	4.80	3.90	2.30		—	—	—
De canle. Tellado a dúas augas. Dous pousadoiros							
Ferreira	4.60	3.20	2.90	2	45	—	—
De canle. Inundado.							
Cabanas	5.78	4			—	—	—
De cubo. Ollo resaltado. Presbítero.							
¿Infestas?	—	—	—	—	—	—	—
De cubo. Ruinoso. Canle previa. Fogón e chimenea							
Fradín	5.05	3.60	2.40		—	—	—
De canle. Dúas augas. Ruinoso emboscado anegado							
O Novo, Amocedo	4.30	2.75	2.90	2.25	73	14	—
De cubo. Ollo resaltado. Porta e adega mesmo lado ou o Cubo							
O do Medio	4.25	2.85	2.72	1.25	51	14	1.02
De cubo. Barcos porta igual que os anteriores.							
Batán	5.40	4.80			—	—	—
De canle. Auga dos anteriores. Emboscado							

Hns. GESTIDO

ACADEMIA DE CORTE Y CONFECCION

horario de mañana y tarde

Pazos Fontenla, 40 - 2ª Dcha.

La Fiorentina

PASTELERIAS

Especialidad

Tartas de hojaldre y nata

Pazos Fontenla, 42 Telf 32 03 81 BUEU

B A R

O LAMBEDEIRO DO VIÑO

TAPAS E VIÑOS DO PAIS

Tintorería NOEN

Eduardo Vicenti, 55 interior
Telf 32 07 12 Bueu

**ASESORIA FISCAL
CONTABLE**

ADMINISTRATIVO Y JURIDICA

A. CABODEVILA

*NO SOMOS LOS MAS BARATOS
PERO RESPONDEMOS POR
NUESTRO TRABAJO*


Montero Ríos, 99 Galerías
Telf 32 32 65 - 36930 Bueu

<u>Nóme do muiño</u>	<u>longo</u>	<u>ancho</u>	<u>alto A</u>	<u>alto B</u>	<u>alto pé mó</u>	<u>mó</u>	<u>dm. mó</u>
Portocarreiro	4.30	3.25	2.70	2	60	12	1.05
De canle. Ollo resaltado. Rebos.							
O da Ponte	4.60	3.20	2.90	2	45	-	-
De canle. A conservar.							
O da Rebola	4.60	2.40	2.45		42	14	1.09
De canle. Dúas augas. Ollo resaltado.							
Ghontello	-	-	-	-	-	-	-
De canle. Ruinoso							
Os Padróns	4.20	3.20	2.75	1.70	20	10/15	1.05
De canle. Dúas mós. Iniciais gravadas pedra							
Pradorrió	5.65	2.73	2.30	2.5	51	7	1.03
De canle longa. A conservar.							
Seara ou Albares	3.47	2.60	3.10	2.45	70	12	1.05
De canle. Mando a distancia. Barcos porta							
Bouteiro ou Balteiro	5.50	5	-	-	-	-	-
De canle. Apenas restos soterrados							
Muíño Novo	4.30	3.18	3.05	2.10	63	7	1.14
De canle. Ollo resaltado. Expoliado recentemente							
Xan Freire	4.20	3.46	3	2	40	10	1.12
Canle. Ollo resaltado. Pousadoiro interior. Barcos							
Do Inferno	4.06	3.10	2.90	2.10	-	-	-
Canle. Dous pousadoiros. Mo incrustada ángulos							
O Coto	-	-	-	-	-	-	-
Canle. Conservar e restaurar. Emboscado. Pasais río.							
Muíño Albeiro							
Hoxe casa habitada. Dúas adegas. Antigamente dous reducios e dúas mós. De cubo.							

(1) *Datos de campo recollidos en maio de 1988*

EN
CANGAS

CALAS
discoteca



Los Mejores
Ambientes
del Morrazo

CAFÉ - COCTAIL EN
COCOLOCO BUEU

SANTA MARIA
DE CELA

1.997

Festa dos MOZOS

días 23 e 24 de Agosto

SABADO 23

* As 12:00 horas

*Gran tirada de bombas anunciando o
comenzo das festas.*

* Apartir das 22:30 horas

Gran verbena amenizada polas orquestas

**ALAMEDA
E
PRINCIPAL**

DOMINGO 24

* A partir das 9:30 horas

*Pasarruas a cargo da Banda de Música
Xuvenil de Chapela*

* As 13:00 horas

Misa Solemne, seguida de procesión

* As 20:00 horas

*Reunión das xuventudes de Ardán e Cela
dando paso ás tradicionais "Vivas",
durante este acto repartirase viño
tintafemia da parroquia.*


* Como remate a este acto, concerto a
cargo da Banda de Música

* E a continuación verbena amenizada
polas orquestras

**ALKAR
E
PARAISO**

**EN
CANGAS**

GALAS
discoteca



**Los Mejores
Ambientes
del Morrazo**

**CAFÉ - COCTAIL EN
COCOIOGO BUEL**